



As medidas escandalosas pactadas que contempla este orçamento 2020

Felicitar o BNG e o PSOE posto que se notan a súas mans neste orçamento facendo cousas contrarias as que di que vai facer, verdadeira “política social” e uns orçamentos “históricos” (históricos porque se cambiaron cousas que levaban toda a vida):

- **Aprobarlle o incremento da asistencia do Alcalde a Plenos para poñela case no dobre.**

O Alcalde, segundo o orçamento pactado por BNG e PSOE, pasa a cobrar o dobre que o resto de concelleiros para asistir os Plenos incrementando un 200% a súa asignación actual, ata o de agora cobraba 120,00 euros por Pleno e agora pasa a 230,00 euros, e eso que se fartou de dicir, cando se xubilou, que renunciaba a cobrar. E faino con informe de intervención que di:

Non está permitido, con todo, discriminar en razón da posición que ostente o cargo municipal no órgano Colexiado. Razóase o anterior, como indica a Sentenza do Tribunal Supremo de 1/12/1995 (Ar. 9009) en que “non supón necesariamente maior traballo a preparación das sesións por quen exerce cargos de maior responsabilidade. Pois a conduta exixible dos membros da Corporación, tanto os que forman parte do equipo de goberno municipal como os demais, é unha dilixencia extrema no estudo dos asuntos examinados polos órganos Colexiados. Non é de apreciar, xa que logo, que exista maior traballo como consecuencia da sesión para o que é titular dun cargo no equipo de goberno, pois iso supoñería unha mera asistencia pasiva dos demais Concelleiros que é desde logo contraria ao espírito da lexislación reguladora e ás esixencias do interese público”.

- **Aprobar o incremento da aportación os partidos políticos de 950,00 a 3.950,00 euros (un incremento do 415%) e cambiando o sistema de reparto no único e exclusivo beneficio do BNG.**

Ata agora eran 950,00 euros en total, que sempre se repartiron dividindo esta cantidade entre o número de concelleiros, e dicir, 950,00 dividido entre 13 concelleiros da a 73,08 euros por concelleiro, así o BNG corresponderíanlle 146,15 euros, a nos 365,40 euros e o PSOE 438,45 euros.

Agora pasase a 3.950,00 euros, pero variando o reparto de maneira que se establece un fixo de 1.000,00 euros por partido e o restantes 950,00 euros por número de concelleiros, de maneira que o BNG percibirá 1.146,00 euros, nos 1.365,40 e o PSOE 1.438,45 euros, mentres que co sistema anterior de reparto corresponderíanlle 607,69 euros, e dicir, non só quere repartir mais cartos senón que quere que cambiar os sistema de reparto que leva anos e anos aplicándose para percibir un 88,60% mais do que lle correspondería co sistema de sempre, o cadro xa o explica todo:

	IMPORTE TOTAL	BNG	PP	PSOE
Reparto ata agora	950,00	146,15	365,40	438,45
Reparto ca nova cifra pero co sistema de antes	3.950,00	607,69	1.519,23	1.823,08
Reparto ca nova cifra e novo sistema	3.950,00	1.146,15	1.365,40	1.438,45
Diferencias por cambio de sistema		538,46	-153,83	-384,63



O informe de Intervención dí: “No que respecta as asignacións dos grupos políticos, modifícase a forma de reparto que viña recollida na base 24ª das Bases de execución do Orzamento respecto da contía fixa a percibir por cada grupo político e incrementase a súa dotación global no proxecto do orzamento 2020”.

- **Con este orzamento o BNG aprobou a adicación exclusiva dun concelleiro do equipo de goberno.** O BNG, o votar a favor do orzamento, votou a favor de esta adicación exclusiva, pese a que cando se aprobara para o 2019 en xuño nos votou en cara que o absternos a permitíramos e que eles só permitirían a adicación exclusiva se era para o Alcalde, incluso nos criticaron nas redes, agora tócalle asumilo.

En Caldas de Reis a 13 de marzo de 2020

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620